

NÚMERO 12// SETEMBRO 2022

CHÍO

MARÍA CASARES



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Cartel de SIRO para a XLIV Semana de cine de Lugo

PORTADA INTEGRAL

XLIV SEMANA DE CINE DE LUGO



DO 19 AO 24 DE SETEMBRO DE 2022




*María Casares vive desde hai cen anos.
Viva María Casares!*

SEMANA DE CINE DE LUGO

María Casares, representada nunha obra de Siro, abre o cartaz da XLIV edición da Semana de cine de Lugo (19 ao 24 setembro)

Unha placa no xardín do Parque da Milagrosa gardará a pegada de esta edición que celebra o centenario da actriz galega **María Casares**, e que se completará cunha exposición homenaxe na Biblioteca Provincial.

A placa máis o cartaz son obra do xornalista, debuxante e escritor ferrolán **Siro López Lorenzo**.



Acompañará a homenaxe, que se rende a súa vez con placa no "Paseo do cine", a **Margarita Ledo Andiñón**, cineasta e escritora de Castro de Rei; proxectándose a película por ela dirixida, "Nación". A Semana de cine de Lugo, tamén lembrará a xeito de homenaxe a **Darío Xohán Cabana** e farao coa proxección da película "A mariñeira". Lembrarase tamén ao centenario actor **José Luis López Vázquez**, do que se proxectará a película, rodada en Lugo, "El bosque del lobo".



A guerra e Ucraína terán o seu lugar, coa mítica película "El acorazado Potemkin" e no ciclo "E para comer Lugo", película a estrea: "Un bocado exquisito".

As películas documentais a concurso proxectaranse na sala da Deputación Provincial; as curtametraxes e curtas galegas presentadas, poderanse ver na Casa do saber; o cine galego presentarase nas instalacións do Vello Cárcere; e no Auditorio Gustavo Freire, proxectaranse as películas da Sección Oficial e máis un ciclo de cinema español inédito.

Dende logo que haberá sección infantil con proxeccións no citado auditorio. A semana de cine de autor de Lugo tamén desplazará equipos para proxeccións de películas na sede de Aspnaís e nos centros penitenciarios de Bonxe, Monterroso e Teixeiro.

En total, serán 115 películas as que completan o programa da edición 44 da Semana de cine de Lugo.

Dende **Lugo Sempre**, unha vez máis, felicitamos a **Fonmiñá** e ao director da semana, **Manuel Curiel**.



+ info na [páxina do grupo Fonmiñá](#)



TRÓUXOME UNHA DUCIA

Do mesmo xeito que no **número 10 de Chío** falabamos da ilusión que nos facía cumprir dez números; nesta edición, queremos celebrar cumpriren un ano. Coma se foramos un cativo que bota a andar.

Ao parecer, no plano matemático, o 12 é un número semiperfecto, posto que a suma dos seus factores propios: 1, 2, 3 e 6 é igual a 12; e tamén o único número sublime (o que ten un número perfecto de divisores e todos, a súa vez, suman un número perfecto) de menos de 76 cifras.

Quere isto dicir que, se matemáticamente falando o 12 ten tantas cualidades, nós non seremos quen de negalas. Aínda sendo pouco "matemáticos".

Por riba, os elfos de Tolkien contaban sempre que lles era posible, por ducias... quen pode, xa que logo, abominar desta cifra?

OS ANCARES EN OUTONO. SOMOS.

TOÑO NÚÑEZ

Choveron feixes de séculos polas montañas bretemosas dos Ancares. E as folerpas manseliñas, inverno a inverno, puíron as súas cristas, malia a todo, aínda bravas. E nosoutras e nosoutros, en procesión perenne, elo a elo, sucumbimos a súa beleza. Picos, portos e vales. Serra. Tesos, lombas, canois, calangros e chaulas. Valgadas. Ríus, rigueiros, rigueiras, regos, presas... Fontes. Chusmiallos. Banzados e seimeras... Monte, barbeitos, nabales, chousas, cantos, searas e searos... Antolas. Leiros e leiras. Pasteiros, lindeiros, lameiros e lameiras. Prados. Soutos, reboleiras, chabosqueiros... Estradas, pistas, camiños, carreiras e carreiros. Veredas...



COLABORACIÓN

Digo vila, parroquia, aldeã, lugar, casa, horro, casiá, caseta, caseto, palloza, pendello, palleira... Muín, moa. Frauga, martelo...Incre!. Digo alzada. Digo braña. Digo veiga. Curtín, trobo, colmea. Uriceira, urizo, peselo, banastra, fustes, fardelo...Cambo. Parede, sebe, sebeiro, carril, cancelo, cancela. Cancileiro. Digo corral, corte, cuarto, faiado, trabeiro, portal, lousado, beirado, soleira... Aira... Lareira, sella, garfelo, pote...Espeteira. Puxas, lume, muxicas, morillo, trespés, garmalleira... Caínzo. Fumo. Fumeiro...Digo mollo, marroto, meda, palleiro... Feixe, maniza, manizo, gavela, puñado, presado, presada, presa... Luria, relló, viorta, viorto, vincallo, atxo, barazo... Amallois. Digo aixada, peta, chapo, rodo, roda, gabaño, angazo, gancha, rastrilla, runqueiro... Forquita e forcada. Gadaña, foucefouzo, podón, brosa, broso, brosin... Cuitelo/cutiello, navalla... Digo escano, escanil, marco, tallo, taza... Digo carro, digo adrales, digo fueiro, digo cadeixo. Chavilla. Xugo, mulida, loro, gavita...

Somos herba, somos toxo, somos xesta. Fulgueira. Piorno, carpanza, uz, caxiga, carqueixa. Acebo, teixo, capudre, hérbedo... Espiñeiro. Silveira. Silvarda. Somos castañeiro, rebola, fresneiro, amieiro... Acebo. Nogueira, ablaira, zireixal, pumar... Biouteiro.

Berro emigración. Berro abandono. Berro soidade. Berro desleixo.

Mais... Tamén berro Esperanza. Convicción. Firmeza. E berro... Futuro!

Os Ancares en Outono



ASOCIACIÓN VECIÑAL IRMANDADE NAVIEGA

Somos...

Somos Patrimonio. Material e inmaterial.
Paisaxístico e cultural.

Arqueolóxico e monumental.

Somos!

Nosoutros e nosoutras e todas e todos os
que nos precederon. Raíz, cerna, terra...

Pedra. Penedo. Pena.

Somos imaxe. Somos son. Somos Palabra.

Somos lingua. Lingua propia.

Fotografía e poesía. Porque nos Ancares
Lucenses tamén hai poetas que

nos canten e fotógrafas e fotógrafos que
nos retraten. E somos música.

Por iso este libro quere ser canto: un canto

ó que fomos, ó que seremos e ó que

somos. Porque somos e tamos eiquí.

Sí, tamos e somos. Como dí o nome dun dos rius do noso ser: o ríu Ser. E, porque tamos e somos, quere-meos mostarnos ó mundo. E queremos que estas páxinas fagan de porta de entrada. De ventá, ventanuco ou reandixa a través da cal poidades ver e coñecer mellor esse noso ser.

Outramente, sabemos que non tamos todas e todos os que somos.

Sabémolo bem. Mais... esta obra nace grazas á comprensión e á axuda económica da entidade denominada Reserva da Biosfera Ancares

Lucenses, entidade dependente da Deputación de Lugo, da que forman parte os concellos de Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna. Si, si, non todo é poesía... Pre que estes proxectos vexan a luz, tamén fain falta cuartos. Xa que logo, a fotografía fixémola nosoutros, pero o marco xa taba feito.

Confiamos en non ter errado muito, ou mutio, e en que este menú, cociñado com amor a lume lento, sexa do voso agrado e do voso proveito.

Como dixo o poeta, todo pasa e todo queda... Tal vez, cuando pasan os anos e teñamos pasado nosoutros, este libro sexa alimento da Memoria.

Da nosa Memoria Colectva.

Tan só nos resta por dicir GRAZAS! Sí, a Asociación Veciñal Irmandade Naviega de Suarna quere expresar o seu máis fondo agradecemento a todas as persoas e institucións que fixeron este librin, este Os Ancares en Outono, nacesse así de guapo.

EMPRENDEMENTOS INÉDITOS



Atoupa é unha cooperativa adicada á consultoría social situada en Vilalba. Composta por catro sociólogas e sociólogos con formación en políticas sociais e intervención sociocomunitaria, e con experiencia no eido da investigación social e da consultoría.

A idea orixinal é xerar coñecemento acerca da realidade galega, dende unha mirada sociolóxica e colaborar con distintos axentes sociais no deseño e implementación de políticas innovadoras coas que abordar os principais retos sociais que afronta a nosa comunidade.

O emprendemento xorde por unha razón persoal, que devén do desexo de labrarse un futuro laboral en Galicia e doutra banda, a realidade lucense afronta unha serie de retos de gran importancia, como o envellecemento poboacional, o vaciamiento do rural ou a falta de oportunidades laborais para a mocidade.

O obxectivo principal é xerar coñecemento sociolóxico e a metodoloxía de traballo fundaméntase no emprego de técnicas cualitativas e participativas, e prácticas emancipadoras dende e para a comunidade. Seguindo seis liñas de acción: o envellecemento poboacional e os dereitos sociais das persoas maiores, os fluxos migratorios e a promoción da interculturalidade, a búsqueda da igualdade real e efectiva entre xéneros, o traballo de coidados e a súa posta en valor, a precariedade laboral e a dinamización do territorio.

P: Que é Atoupa?

Alex, membro de Atoupa: Atoupa é unha cooperativa de traballo adicada á consultoría social, situada en Vilalba. Compoñémola catro sociólogas e sociólogos con formación en políticas sociais e intervención sociocomunitaria, e con experiencia no eido da investigación social e da consultoría. Con esta iniciativa queremos xerar coñecemento acerca da realidade galega dende unha mirada sociolóxica, e colaborar con distintos axentes sociais no deseño e implementación de políticas innovadoras coas que abordar os principais retos sociais que afronta a nosa comunidade.

P: De onde xorde a idea do proxecto?

A: A idea de comezar este proxecto de emprendemento xorde por diversas razóns. A máis persoal, devén do desexo de labrarnos un futuro laboral en Galicia, en especial na provincia de Lugo, onde residimos tres dos socios de Atoupa. Por outro lado, e tal e como vivenciamos no noso día a día, a realidade lucense afronta unha serie de retos de gran importancia, como o envellecemento poboacional, o vaciamento do rural ou a falta de oportunidades laborais para a mocidade. De aí xorde Atoupa, da vontade de construírmos unha traxectoria laboral e da motivación de poder devolver o aprendido como sociólogas e sociólogos á nosa comunidade.

P: Por qué unha cooperativa?

A: Eliximos a fórmula cooperativa polo noso compromiso común cos principios democráticos e participativos na toma de decisións, valores que queremos reivindicar co noso traballo.

P: Cales son as vosas propostas?

A: O noso obxectivo principal é xerar coñecemento sociolóxico que contribúa ao deseño e implementación de políticas transformadoras implicando ao conxunto da sociedade.

Facémolo a través da elaboración de proxectos de investigacións sociais, o deseño e avaliación de políticas sociais e o desenvolvemento de accións para a formación e a divulgación do coñecemento.

Máis en concreto, en Atoupa centrámonos en seis liñas de acción de gran importancia para a realidade galega: o envellecemento poboacional e os dereitos sociais das persoas maiores, os fluxos migratorios e a promoción da interculturalidade, a búsqueda da igualdade real e efectiva entre xéneros, o traballo de coidados e a súa posta en valor, a precariedade laboral e a dinamización do territorio.

P: Cal é a vosa forma de traballar?

A: A nosa metodoloxía de traballo fundaméntase no emprego de técnicas cualitativas e participativas, coas que fomentar a produción de coñecemento, e prácticas emancipadoras dende e para a comunidade.

P: Cales son os vosos valores?

A: Móvennos os valores da teoría da interseccionalidade, que nos plantexa a importancia de estudar as diferentes formas de discriminación social e as súas interconexións, a fin de elaborar intervencións políticas e sociocomunitarias que avancen de forma efectiva cara unha maior xustiza social. Cremos, en fin, que o traballo de investigación e deseño de políticas sociais require dunha visión creativa e innovadora, receptiva a novas formas de facer e en constante observancia dos diferentes proxectos e experiencias que se están a desenvolver.

**P: Queredes engadir algo máis?**

A: Queremos dar as grazas a Lugosempre polo seu traballo de reflexión e divulgación e por convidarnos a compartir o noso proxecto.

Se queredes saber máis podedes contactar con nós a través do noso LinkedIn Atoupa Cooperativa. Vémonos!

OUTRAS PERSPECTIVAS DO NOSO LUGO (PROVINCIA I)

ESTHER ACITORES

Se lembran, no extra de verán, **Esther Acitores** convidounos a visitar lugares emblemáticos de Lugo capital; nesta entrega, continúa facendo un percorrido polos sitios que ben merecen unha oportunidade, na nosa provincia.



No podemos deixar de visitar nuestra provincia, y aunque nos acerquemos a visitar los tópicos típicos también podemos descubrir lugares con encanto y poco visitados, empezando por la ya conocida Mariña Lucense, donde la Playa de las Catedrales se ha convertido en todo un referente, hoy masificado, del turismo de la costa lucense, muy cercana a esta playa se encuentra la localidad de Rinlo, conocida por sus arrozces y por ser una pequeña villa costera con sabor a marisco ya desde la época romana, luego puerto ballenero en tiempos menos lejanos, hoy nos sorprende con la apertura del **Parque Recreativo Costa Mariña**, donde una de las joyas a visitar será el **Laberinto**, que con sus más de 4.000 m² que tiene una gran plataforma a modo de mirador en su parte central para poder admirar su entramado con forma de concha de vieira, o la espectacular vista de la costa cantábrica justo a su lado. El Parque también dispone de un divertido fútbolín humano gigante, entre otras propuestas de ocio.

Sin salir de la zona costera os invitamos a acercarnos al **Castro de Fazouro**, situado junto a la playa de Arealonga, es el único castro costero hoy en día excavado en la vertiente cantábrica, hoy tiene unos 700 m², pero se cree que la erosión marina hizo desaparecer una parte de su croa. Un castro habitado desde el siglo I a.C. hasta el siglo III d.C., tiene como singularidad los bancos adosados a los muros de las casas interpretados como lugares de trabajo.



No podemos dejar la Mariña sin visitar la **catedral de San Martiño de Mondoñedo**, considerada la catedral más antigua de nuestro país, es un templo impagable, fundado como sede episcopal en el siglo IX, sede que se traslada a la ubicación actual de Mondoñedo para evitar las incursiones normandas.

Su románico lombardo-catalán no es muy habitual en esta zona, siendo sus contrafuertes, construidos a posteriori, uno de sus símbolos de identidad. Su museo merece un ser visitado, para poder interpretar la construcción y la historia del monumento y de los inicios de la sede mindoniense.



Nuestro recorrido por la costa termina aquí. Cambiamos de zona, para encontrarnos con el Camino de Santiago en Guntín. No vamos a visitar ninguno de los innumerables templos que jalonan la ruta jacobea más conocida, sino que nos vamos a separar de esta ruta, para acercarnos hasta el **monasterio de Ferreira de Pallares**, fundado por los Condes de Taboada en el Siglo IX, para ser su lugar de enterramiento.

Del antiguo monasterio queda en pie la iglesia abacial construida en el siglo XIII, con un magnífico retablo barroco y la capilla con los sepulcros de los Condes que hoy hace las veces de sacristía, también queda en pie parte del claustro renacentista del s. XV y restos de las dependencias monacales en precario estado. Un monasterio que servirá como ejemplo de la infinidad de ellos que encontramos en nuestra provincia, los más conocidos quizás sean los situados en la Ribeira Sacra pero, no son los únicos.

No queremos dejar esta zona sin acercarnos a la Comarca de la Ulloa, conocida por sus magníficos quesos, aunque nuestro cometido no será el gastronómico en esta ocasión, sino el recorrido por los **petroglifos** de la zona.

Hay que recordar que solamente en el municipio de Antas de Ulla existen 20 estaciones con petroglifos de diversas formas, entre ellos uno de los más grandes de toda Galicia.



La interpretación de los petroglifos no es muy unánime aunque la mayor parte de los investigadores opinan que estos gravados en piedra se realizan entre el 3.500 a.C. y el 2.000 a.C., por los habitantes de la zona, que posiblemente fueron nómadas que buscaban su sustento en diversas zonas, de ahí su dispersión geográfica.

Aún sin tener clara la intención de sus creadores, una de las posibilidades que se baraja es su intención religiosa o como delimitadora del territorio, otra de estas explicaciones nos habla de la posibilidad de ser marcas que señalarían los solsticios y los equinoccios, lo ciertos es que son únicos y solo por observarlos, merece la pena acercarse hasta el Monte Farelo. Una curiosidad es que como mejor se aprecian es de noche iluminados desde un lateral

*"Yo soy **Esther Acitores**, la guía de turismo que os ha intentado guiar por estas joyas, a veces poco conocidas, de nuestra ciudad y provincia*; aunque palentina de nacimiento, soy gallega por amor, y nunca mejor dicho, me enamoré de un gallego y me vine a vivir a esta ciudad de la que estoy enamorada y la que intento enseñar a nuestros visitantes desde hace ya una docena de años (cuando me examiné del carnet de guía de turismo) Hoy en día saliendo de esta pandemia que nos ha tenido encerrados casi un par de años, os invito a conocernos, a disfrutar de todo lo que puede ofrecer esta tierra, buenos productos, mejores gentes y miles de lugares con encanto e historia."*

APLAUSO E OVACIÓN. A CIDADE PARA AS PERSOAS?

MELINA LÓPEZ

A cidade non é o problema, é a solución.



Nestes tempos en que **Lugo** está realmente a vivir unha transformación sustancial, lembro moito a **Jaime Lerner** (arquitecto, urbanista e político brasileiro), quen defendeu a idea de que para innovar so hai que empezar e baseaba a súa idea de acción no concepto de "acupuntura urbana".

"Una ciudad puede cambiar en dos años, no importa la escala ni los recursos financieros. Sin interferir en la planificación general se pueden realizar actuaciones rápidas de mejora en puntos concretos, es lo que yo denomino acupuntura urbana".


Desde diferentes eidos do conglomerado social lucense, estase a recoñecer a importancia de recuperar a Mosquera para a cidadanía, xa que logo no século que transitamos, é primordial admitir o valor cidadán do espazo público.



A cultura ambiental, a afección da poboación ao medio no que vive, un entorno seguro e amable, o mantemento de elementos físicos e/ou simbólicos que transmitan sentido e máis identidade,... configuran o dereito ao lugar. Un dereito que se reclama explícitamente cando se pretende desplazar á poboación que habita un lugar e no que os poderes públicos e os promotores ou empresarios, pretenden modificar a morfoloxía; pero tamén cando emerxen movementos que queren manter eses elementos característicos: prazas, edificios, etc.

Necesitamos espazos urbáns máis flexibles: espazos que poidan ser reconfigurados. Rehumanizar as cidades, precisamos cidades máis habitables, máis inclusivas. Os alcaldes e alcaldesas movilizáanse para aplicar políticas de desenvolvemento urbán que promovan a proximidade e mobilidade activa, así como servizos públicos cercanos á cidadanía.

Teorías como a das "cidades 15 minutos" (plantea unha reorganización da cidade, de xeito que ninguén teña que desprazarse máis dun cuarto de hora dende a súa casa, para acceder a calquera servizo básico, reducindo así as emisións de gases e gañando calidade de vida) que son defendidas nas grandes urbes, pero tamén aplicables, aínda con moito máis fundamento, nas pequenas capitais de provincia como a nosa.



Sabemos que esta é a teoría de hoxe, no que se refire a repensar a cidade e a ordenación urbanística, pero... que pasa ca práctica?

Se unha das finalidades a perseguir é transformar infraestruturas xa existentes para acadar unha mellora..., en **Lugo** que estamos facendo na esquina de San Roque e porta San Pedro?

Un exemplo paradoxal estase a producir neste eixo de convivencia da capital.



Temos, dunha banda, a conversión dun espazo maltratado e ignorado durante moito tempo, nunha parcela de especulación urbanística- no entanto vaise coñecendo como o novo Garañón, por que será?- e doutro lado, pero seguindo un esquema triangular magnífico, xunto á porta San Pedro, a que será recoñecida, durante moitos anos, como unha das obras públicas de maior éxito e impacto na nosa cidade: a transformación en zona peonil, da Mosquera.

Se foramos quen de visualizar o espazo coma se estivésemos nun escenario do Universo Marvel, todo parecería indicar unha división de poderes: Capitana Marvel Vs Iron Man, ámbolos dous superheores dispostos a canalizar os seus poderes de cara a un futuro incerto que nesta realidade que nos toca vivir, ben podería chamarse eleccións locais.



Jaime Lerner. Cómo pensar una ciudad

ACLARANDO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

No referente aos **contidos** deste número de **Chío**, é preciso aclarar que a revista contén ligazóns interactivas capaces de trasladar ao lector/a, cara a contidos externos. Simplemente premendo nas ligazóns subliñadas, como é o caso, por exemplo da propia web de **Lugo Sempre**.

Con respecto á colaboración de **Toño Núñez**, "Os ancares en outono", tal vez sexa preciso aclarar que o texto está escrito en galego naviego, ou tamén coñecido como eonaviego. A obra está editada por A. V. Irmandade Naviega.

No apartado das **imaxes**, aclaramos que todas son estampas de **Lugo** ou provincia; ben cedidas, ben de autoría propia.

No caso da foto de **Siro**, é a que se pode ver no seu perfil de Twitter @SiroPintor.

Coordina e dirixe Chío, Melina López.



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)



[@lugosempre](https://www.instagram.com/lugosempre)